

# REGRAS DE XOGO

## COMITÉ GALEGO DE FÚTBOL GAÉLICO



<b>REGRA 1. O XOGO</b>	<b>3</b>
<b>REGRA 2. POSTA EN XOGO</b>	<b>4</b>
<b>REGRA 3. PUNTUACIÓN</b>	<b>6</b>
<b>REGRA 4. FALTAS TÉCNICAS</b>	<b>7</b>
<b>REGRA 5. FALTAS AGRESIVAS</b>	<b>11</b>
Categoría 1	11
Categoría 2	12
Categoría 3	12
Categoría 4	13
Categoría 5	14
Categoría 6	14
Outras	14
<b>REGRA 6. DESACORDO</b>	<b>15</b>
<b>DEFINICIÓN DE TERMOS</b>	<b>16</b>
<b>ANEXO - DESVIACIÓN S NORMATIVA</b>	<b>18</b>
Desviación s fútbol feminino	18
Desviación s normativa galega	18
Adaptación s do terreo de xogo	19
<b>REFERENCIAS</b>	<b>20</b>

## REGRA 1. O XOGO

- 1.1** A bola está en xogo unha vez é lanzada ao campo ou golpeada despois da indicación do árbitro de comezar ou retomar, e permanece en xogo ata que:
- a) o árbitro pare o xogo.
  - b) a bola traspase calquera liña ou bandeira que limita o campo.
  - c) calquera persoa non xogadora toque ou impida que saia do campo a bola.

- 1.2** Cando a bola estea no chan, pode ser xogada con calquera parte do corpo agás as mans. Pode ser levantada do chan co pé.

Excepcións:

- i) O gardameta pode xogar a bola cas mans dende o chan dentro da área pequena.
- ii) Calquera xogador que caia ou sexa tirado ao chan en posesión da bola pode golpeala dende o chan, podendo incluso marcar gol.
- iii) A bola non pode ser levantada do chan cos xeonllos.

- 1.3** Cando a bola non estea no chan, pode ser xogada con calquera parte do corpo.

- 1.4** Cando un xogador está en posesión da bola, pode:
- a) levala durante un máximo de catro pasos ou ser retida nas mans o tempo equivalente a dar catro pasos.
  - b) golpear a bola dende o pé ás mans –solo ou *toe*-.
  - c) botar a bola unha vez, e outra vez despois de cada solo.
  - d) mudar a bola dunha man á outra unha vez, mantendo esta o contacto con a man inicial ata que o cambio se complete.
  - e) golpear a bola
    - i) co puño
    - ii) coa man aberta sempre e cando exista intención de golpear a mesma
  - f) soltar a bola para realizar un disparo, un solo ou un pase cas mans.
- A bola en posesión dun oponente pode ser roubada se esta se golpea ca man aberta.

- 1.5** Cando a bola non foi completamente collida, pode botarse mais dunha vez consecutiva.

- 1.6** Os xogadores poden cargar contra un oponente para competir pola bola.

- 1.7** Sempre e cando teña polo menos un pé sobre o chan, un xogador pode facer unha carga ombro contra ombro a un oponente:
- a) que tenha a posesión da bola, ou
  - b) estea a xogar a bola (excepto se a golpea co pé), ou
  - c) ambos xogadores estean movendose en dirección á bola con intención de xogala.

Cando estea na área pequena, o gardameta non pode ser cargado pero si se lle pode disputar a posesión da bola, e se intenta golpear ou pasar a bola pode ser bloqueada. Permítese o contacto co gardameta se este é accidental.

- 1.8** O gardameta pode moverse sobre a liña de gol durante un tiro de penalti.

- 1.9** Nos momentos previos ao lanzamento dunha falta ou saque de porta, un xogador pode saír dos límites do campo. Nun saque de banda, o xogador debe golpear a bola dende fóra do campo. En calquer outro caso, o xogador debe permanecer dentro do terreno de xogo.

- 1.10** Un xogador pode agarrar as súas mans para interceptar un saque de falta.

## REGRA 2. POSTA EN XOGO

**2.1** O árbitro, mirando aos xogadores, comeza o xogo e reinicia o mesmo na segunda parte lanzando a bola entre dous xogadores de cada equipo, debendo estar cada un detrás do outro no seu campo na liña do medio campo. Todos os xogadores deben estar nas súas posicións tras a liña de 45m.

**2.2** Despóis dunha falta, o xogo retómase cun saque de falta ou saque neutral no lugar onde aconteceu a falta.

### Excepcións:

- i) En caso dunha falta cometida por un defensor dentro dunha das áreas, pódese aplicar o seguinte:
  - Concederáse penalti por unha Falta Agresiva dentro da área grande ou por calquera falta dentro da área pequena. O penalti debe lanzarse dende o chan a unha distancia de 11m.
  - Concederáse un saque de falta dende o centro da liña de 13m por unha Falta Técnica cometida por un defensor dentro da área grande pero fóra da pequena.
- ii) Unha falta cometida por un defensor dentro da súa liña de 13m pero fóra da área grande debe lanzarse dende a liña de 13m á altura de onde se cometeu a falta.
- iii) Cando un xogador recibe unha falta inmediatamente despóis de xogar a bola e anota, este debe permanecer. En caso contrario, o árbitro debe sinalar saque de falta dende o lugar onde ocorreu ou, se resulta mais vantaxoso, dende onde a bola caía ou saía pola banda. Ca opción de conceder un saque de falta dende onde esta ocorreu, esta regra debe aplicarse nas seguintes circunstancias:
  - a) Se a bola sae pola liña de fondo, debe outorgarse un saque de falta dende a liña de 13m á altura dende onde saiu.
  - b) Se a bola cae dentro da liña de 13m do opoñente, debe outorgarse un saque de falta dende a liña de 13m no punto onde esta a cruzou.
- iv) Cando se especifique o contrario nas penalizacións descritas na Regra 4 infraccións 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 35; Regra 5 infraccións 4, 22, 31, 36; Regra 6 infracción 4.
- v) Cando o xogo se retoma lanzando a bola tras unha falta entre a liña de fondo e a liña de 20m, o saque debe realizarse dende a liña de 20m á altura onde a falta ocorreu.

Todos os xogadores excepto o que realiza o saque de falta ou os dous que compiten polo balón deben estar polo menos a 13m do mesmo.

**2.3** Cando dous xogadores rivais fan falta simultaneamente, o xogo reanúdase cun saque neutral.

**2.4** Un lanzamento de penalti debe realizarse dende o chan no punto central a 11m da portería e só o gardameta defensor debe estar na liña de gol. O resto dos xogadores, á excepción do xogador que realiza o lanzamento, deben estar fóra da liña de 20m e do arco, a máis de 13m da bola e non deben cruzar a liña de 20m ou o arco ata que se golpee a bola. O gardameta pode moverse por encima da liña de gol pero non pode saír dela ata que a bola sexa golpeada. Se un defensor realiza unha falta e o lanzamento non resulta en gol, o árbitro pode indicar a repetición do lanzamento.

NOTA: As palabras “pode indicar a repetición” debe interpretarse como que, unha vez o defensor realiza a falta, se o penalti resulta nun punto e non gol, o que tira o penalti pode decidir entre repetir o penalti ou manter o punto anotado.

**2.5** Un saque libre, excepto un penalti ou saque dende 45 segundo a Regra 2.8, pode ser sacado dende as mans ou dende o chan. Un xogador que indique o método de saque non pode mudar a súa decisión. A bola debe estar parada cando o saque libre se realice dende o chan.

**2.6** Tras o consentimento do árbitro, un saque libre pode realizarse inmediatamente.

### Excepcións:

Un penalti e un saque libre concedido na liña de 13m rival.

- 2.7** a) Cando unha bola é traspasada tras a liña de fondo polo equipo atacante ou tras anotar, o xogo retomase cun saque dende o chan na liña de 13m. Se o gardameta non realiza o saque debe permanecer na área pequena. O resto de xogadores, excepto o que realiza o saque, deben estar por detrás da liña de 20m e a unha distancia de 13m ata que a bola sexa golpeada. O xogador que realiza o saque pode golpear a bola co pé máis dunha vez antes de que ninguén a toque pero non pode collela cas mans. A bola debe viaxar 13m antes de que poda ser xogada por un membro do equipo defensor.  
b) O xogador que realiza o saque despois de saír do campo ou tras anotar, ten a opción de empregar un soporte estándar aprobado polo Consello Central.
- 2.8** Cando a bola sale pola liña de fondo tras ser xogada polo equipo defensor, concederase un saque libre dende o chan ó equipo contrario dende a liña de 45m á altura onde saiu a bola.
- 2.9** Cando a bola traspasa unha liña de banda, concederase un saque libre dende as mans ó equipo contrario dende o lugar onde a bola cruzou a liña. Se dous xogadores de diferentes equipos xogan a bola de forma simultanea, ou o árbitro non sabe que equipo xogou a última a bola, realizarase un saque neutral, a 13m da liña de banda. Se a bola golpea unha liña de banda ou o banderín de córner debe ser considerado que cruzou a liña de banda. Todos os xogadores excepto o que realiza o saque, ou os que compiten polo saque, deben estar como mínimo a 13m da bola ata que sexa xogada.
- 2.10** Se, dadas unhas circunstancias especiais, o xogo tivo que ser detido para tratar unha lesión ou retirar un xogador do campo, o xogo retomase da seguinte forma:  
i) Se o equipo está en posesión do balón, o xogo reanudarase cun saque libre dende a posición onde se detivo o xogo, a non se que fora dentro da liña de 13m rival, que entón se concedería un saque libre na liña de 13m. O saque será indirecto (non se pode anotar dende el).  
ii) Se ningún equipo está en posesión do balón, realizarase un saque neutral dende o punto onde se detivo o xogo, suxeito ó especificado nas Excepcións (v) e (vi) da Regra 2.2.
- 2.11** Se a bola toca a calquer persoa non xogadora durante o xogo, este é retomado realizando un saque neutral no lugar afectado, pero se a bola toca calquer non-xogador despois dun saque libre, débese repetir o saque libre.  
Excepción:  
i) O descrito na Regra 3.3 (a).  
ii) Se un non-xogador (excepto o árbitro) evita que a bola traspase unha liña límite, debe considerarse que a bola cruzou a liña, e o árbitro concederá o que corresponda no seu caso.
- 2.12** Marca  
Cando un xogador captura o balón claramente dende un saque de porta sen que este toque o chan máis alá da liña de 45m, o árbitro outorgaralle unha “marca”. O xogador que teña unha “marca” ten opción de (a) realizar un saque libre ou (b) seguir xogando inmediatamente.  
Aplicarase o seguinte procedemento:  
(a) Saque libre  
O xogador sinalará ó árbitro se pode proceder co saque libre, e entón realizará o saque libre el mesmo dende a man no punto onde se concedeu a “marca”. Unha vez o xogador indica que quere utilizar a “marca”, o árbitro dará ata 5 segundos ó xogador para realizar o saque. Se o xogador tarda máis, o árbitro cancelará a “marca” e deberase realizar un saque neutral.  
Unha vez o xogador indica que quere utilizar a “marca”, os opoñentes deben retroceder 10m para deixar espazo ó xogador para realizar o saque. Se un opoñente bloquea deliberadamente, tenta bloquear ou impide o saque neses 10m, o árbitro penalizará adiantando 13m o saque. Se o árbitro determina que o xogador que fai a “marca” está lesionado e non pode sacar, indicarlle ó compañeiro que ten máis preto que realice el o saque, pero será indirecto (non poderá anotar).  
(b) Xogar inmediatamente  
i) Nesta circunstancia non se pode competir polo balón en posesión do xogador ata que camiñe 4 pasos, ou conteña o balón o tempoequivalente a dar os 4 pasos, e/ou faga acto de pasar, golpear, botar ou realizar un solo co balón.  
ii) Se se compite polo balón ilegalmente, concederase un saque libre ó seu equipo no punto onde se tentou roubar o balón, que pode ser sacado por calquera xogador.

## REGRA 3. PUNTUACIÓN

- 3.1** Anótase un gol cando a bola se xoga tras a liña de gol entre os postes e baixo o travesaño por calquera equipo. Anótase un punto (tanto) cando a bola se xoga por enriba do travesaño entre os dous postes por calquera equipo. Un gol equivale a tres puntos.  
O equipo con máis puntos ao final do partido é o gañador.

Excepcións:

Un xogador do equipo atacante en posesión da bola non pode anotar:

- i) transportando a bola tras a liña de gol.
- ii) anotar gol cas mans excepto o establecido na Regra 1.2 excepción (ii), pero sí pode anotar un punto ca man aberta ou puño.

- 3.2** Pódese anotar golpeando unha bola aérea cas mans.

- 3.3** a) Un gol ou punto subirá ao marcador se, na opinión do árbitro, algunha persoa non-xogadora ou o propio árbitro evitou que a bola traspasara a liña de gol.  
b) Se os postes ou o travesaño se deslocan durante o xogo, o árbitro deberá conceder a puntuación que considere debería ter sido válida se o elemento afectado non estivese movido.

- 3.4** Se un xogador defensor xoga a bola na súa propia área de puntuación, deberá subir ao marcador a respectiva puntuación.

- 3.5** Non se pode anotar directamente dende un saque libre nas seguintes circunstancias:

- a) Un saque libre concedido baixo a Regra 2.10 (i)
- b) Un saque libre concedido a unha “marca” e sacada por un xogador diferente ó que se lle concedeu a “marca”.

## REGRA 4. FALTAS TÉCNICAS

- 4.1 Correr ou reter a bola máis do permitido.
- 4.2 a) Lanzar a bola (sen golpeala).  
b) Realizar un pase cas mans sen gopela co puño, ou coa man aberta con intención definida de golpeo.
- 4.3 Levantar a bola do chan cos xeonllos.
- 4.4 Deitarse sobre a bola.
- 4.5 Tocar ca man a bola no chan, excepto o descrito na Regra 1.2.
- 4.6 Botar a bola máis dunha vez consecutiva despois de collela.
- 4.7 Xogar a bola cas mans e volvela coller antes de que toque o chan, outro xogador ou un poste.
- 4.8 Arrebatarse (agarrando) a bola dun opoñente que a capturou (ten que golpearse).
- 4.9 Para un xogador atacante, entrar na área pequena:
  - a) Co xogo activo antes de que o balón se xogue hacia dentro da área.
  - b) Dende un saque de falta ou de banda, antes de que o balón entre na área pequena.

### Excepción:

- i) Se un xogador atacante entra de forma legal na área pequena, e a bola é xogada fóra desa área pero é devolta antes de que o xogador teña tempo de deixar a área, sempre e cando dito xogador non xogue a bola ou interfira na defensa, non se considera falta.
  - ii) Cando se anota un punto dende fóra da área pequena e a bola está suficientemente alta como para estar fóra do alcance de todos os xogadores, o punto será válido aínda que existise a presenza dun xogador atacante na área pequena antes da bola, sempre e cando o xogador non interfira ca defensa.
- 4.10 a) Cambiar a bola dunha man a outra, sen que a man orixinal teña contacto ca bola ata que se remate o cambio.  
b) Cambiar a bola dunha man a outra máis dunha vez sen que antes se bote ou se faga o solo.
  - 4.11 a) Para un xogador do equipo que realiza un saque libre ou de banda, estar a menos de 13m da bola antes de que esta sexa golpeada.  
b) Para un xogador do equipo que lanza un penalti, estar dentro da liña de 20m ou do arco antes de que se golpee a bola.
  - 4.12 Para un xogador atacante, cruzar a liña de gol con ela en posesión.
  - 4.13 Para un xogador atacante en posesión da bola, anotar un gol cas mans ou un punto ca man aberta, excepto o descrito na Regra 1.2 excepción (ii).

### Penalización para as faltas anteriores:

Saque libre dende onde se cometeu a falta excepto o previsto nas excepcións da Regra 2.2.

**4.14** Estar dentro da liña de 20m do opoñente antes do saque inicial.

**Penalización para as faltas anteriores:**

Saque libre dende onde se cometeu a falta excepto o previsto nas excepcións da Regra 2.2.

**4.15** Cando se está na área pequena, estar a menos de 13m do saque libre do opoñente.

**Penalización para as faltas anteriores:**

Penalti.

- 4.16** a) Para un xogador defensor dun penalti, excepto o gardameta, estar dentro da liña de 20m ou do arco antes de que se realice o lanzamento.  
b) Para o gardameta defensor dun penalti, adiantarse da liña de gol antes de que se realice o lanzamento.

**Penalización para as faltas anteriores:**

Se non se anota o gol, o árbitro mandará repetir o lanzamento (ver Regra 2.4).

- 4.17** a) Para un xogador contrario, estar a menos de 13m da bola antes de que se efectue un saque libre ou de banda.  
b) En caso dun saque libre concedido a causa dunha “marca”, para un opoñente non retroceder 10m, bloquear deliberadamente o saque dentro deses 10m ou impedir o saque.  
c) En caso dun xogador cunha “marca” concedida que opta por seguir xogando, para un opoñente competir polo balón antes de que o xogador en posesión do mesmo camiñe 4 pasos, reteña o balón o tempo equivalente a dar 4 pasos, golpee, pase, bote ou faga o solo co balón.

**Penalización para as faltas anteriores:**

Para os casos (a) e (b), saque libre 13m mais vantaxosos que o lugar orixinal, ata a liña de 13m do opoñente. No caso (c), saque libre no punto onde se competiu polo balón. O saque pode realizalo calquera xogador.

**4.18** Recuar o saque libre ou de banda dun opoñente desprazando a bola, retendoa ou non retroceder para permitir un saque rápido.

**4.19** Interferir cun xogador que está realizando un saque libre ou de banda saltando arriba e abaixo, axitando as mans ou qualquer outra interferencia física ou verbal que o árbitro considere que está orientada a distraer ao xogador que realiza o saque.

**Excepción:**

Un xogador erguendo as suas mans agarradas non se considera unha interferencia.

**Penalización para as faltas anteriores:**

Saque libre 13m mais vantaxosos que o lugar orixinal, ata a liña de 13m do opoñente.

**4.20** Para un xogador contrario, estar a menos de 13m antes do saque de porta.

**Penalización para as faltas anteriores:**

Saque libre 13m mais vantaxosos que o lugar orixinal.



- 4.21** Recolocar a bola para un saque de porta, saque libre ou penalti dende o chan, sen permiso do árbitro, despóis de que soase o pitido para realizar o saque ou lanzamento de penalti.
- 4.22** Xogar a bola de novo tras realizar un saque libre, de banda ou penalti antes de que o toque outro xogador, a non ser que a bola golpee contra un poste ou o travesaño.
- 4.23** Facer un burato no chan co propósito de acomodar a bola para un saque libre ou de porta.
- 4.24** a) Avanzar a bola deliberadamente dende o lugar onde se sinalou un saque libre ou de banda.  
b) Realizar o saque de banda dende dentro do campo.
- 4.25** Perder tempo adiando un saque libre ou de banda concedido ó seu propio equipo.

**Penalización para as faltas anteriores:**

- i) Cancelar o saque libre ou de banda.  
ii) Saque neutral onde ocorreu a falta excepto o descrito nas Excepcións (v) e (vi) da Regra 2.2.

- 4.26** Empregar un soporte ilegalmente.

**Penalización para as faltas anteriores:**

- i) Desautorizar cualquier anotación posterior.  
ii) Saque neutral onde ocorreu a falta excepto o descrito nas Excepcións (v) e (vi) da Regra 2.2.

- 4.27** Para un xogador que realiza o saque de porta, levantar a bola cara as súas mans antes de que o toque ningún outro xogador.
- 4.28** Estar dentro da propia liña de 20m cando o seu propio equipo realiza o saque de porta, excepto o previsto na Regra 2.7.
- 4.29** Para un xogador no equipo que realiza o saque de porta tras saír a bola de fondo, tocar a bola antes de que viaxe 13m.
- 4.30** Para un xogador no equipo que realiza o saque de porta tras un gol ou punto, excepto o xogador realizando o saque, estar a menos de 13m da bola cando se golpea.
- 4.31** Perder tempo adiando o propio saque de porta.
- 4.32** Realizar o saque de porta dende outro lado que non sexa a liña de 13m.

**Penalización para as faltas anteriores:**

- i) Cancelar o saque.  
ii) Saque neutral dende a liña de 20m do equipo defensora á altura da porta.

- 4.33** Dous xogadores de equipos diferentes realizan falta simultaneamente.

**Penalización para as faltas anteriores:**

Lanzar a bola dende onde ocorreu a falta excepto o descrito na excepción (v) da Regra 2.2.

- 4.34** Saírse das liñas límite do campo para gañar vantaxe excepto o descrito na Regra 1.9.

**Penalización para as faltas anteriores:**

Saque libre dende onde ocorreu a falta.

**4.35** Interferir nos postes para distraer aos oponentes ou gañar vantaxe.

Penalización para as faltas anteriores:

Advertir ao infractor, expulsar tras a segunda falta advertible.

**4.36** Cando un equipo comete unha falta, o árbitro pode permitir que continue o xogo se considera que é mais vantaxoso para o equipo contrario. Sinalarao levantando o brazo ata 5 segundos tras a falta, ou menos tempo se resulta claro que non se produciu ningunha vantaxe. Se non se produce ningunha vantaxe, o árbitro poderá conceder un saque libre no punto onde ocorreu a falta, agás o especificado nas Excepcións (v) e (vi) da Regra 2.2. Pode tomar as medidas disciplinares pertinentes.

## REGRA 5. FALTAS AGRESIVAS

Nos seguintes compoñentes desta Regra, existen referencias a infraccións penalizadas con Advertencia (tarxeta amarela) ou Expulsión (tarxeta vermella). Amosarase tarxeta só cando o árbitro interprete que a acción foi deliberada e non accidental.

### Categoría 1

Definición: Ser expulsado a causa de unha segunda Advertencia (tarxeta amarela) ou dunha Infracción por Comportamento Cínico (tarxeta negra).

- 5.1 Bloquear ou tentar bloquear co pé cando un oponente golpea o balón dende as mans.
- 5.2 Impedir o tratar de impedir que un oponente levante ou golpee o balón dende o chan, golpeándoo nas mans, brazos, pés ou pernas co propio pé.
- 5.3 Practicar calquera outra forma de xogo duro.

**Penalización para as faltas anteriores:**

- i) Advertir ó infractor, expulsar á segunda falta advertible.
- ii) Saque libre dende onde ocorreu a falta, excepto o descrito nas Excepcións da Regra 2.2.

- 5.4 Tentar gañar vantaxe finxindo unha falta ou lesión.

**Penalización para as faltas anteriores:**

- i) Advertir ó infractor, expulsar á segunda falta advertible.
- ii) Se o xogo foi detido, reanudalo dende o punto onde ocorreu a falta, excepto o descrito nas Excepcións da Regra 2.2.

- 5.5 Agarrar a un oponente cas mans.
- 5.6 Empregar o puño contra ou arredor do corpo dun oponente co propósito de roubarlle a bola.
- 5.7
  - a) Cargar contra un oponente nas costas ou de fronte.
  - b) Cargar contra un oponente que:
    - i) non estea en posesión da bola, ou
    - ii) estea a punto de golpear a bola, ou
    - iii) ambos xogadores non se estean movendo en dirección á bola para xogala
  - c) Cargar contra un oponente co propósito de darlle vantaxe a un compañeiro de equipo.

**Penalización para as faltas anteriores:**

- i) Saque libre dende onde aconteceu a falta, excepto o descrito nas Excepcións da Regra 2.2.
- ii) Apercibir ao infractor á segunda vez. Expulsar por repetición ou por outra falta apercibible.

- 5.8 Empurrar a un oponente cas mans.
- 5.9 a) Cargar (de calquera maneira non permitida) contra o gardameta na área pequena.  
b) Para un xogador en posesión da bola, cargar contra un oponente.

**Penalización para as faltas anteriores:**

- i) Saque libre dende onde aconteceu a falta, excepto o descrito nas excepcións da Regra 2.2.  
ii) Apercibir ao infractor se persiste realizando estas faltas. Expulsar por repetición ou por outra falta apercibible.

## Categoría 2

- 5.10 Lanzar a un oponente contra o chan.
- 5.11 Facer a cambadela a un oponente con mans ou pés.
- 5.12 Colisionar deliberadamente cun oponente despois de que este xogase o balón ou co propósito de sacalo da xogada.
- 5.13 Ameazar ou empregar linguaxe ou xestos abusivos ou provocadores a un oficial.

**Penalización para as faltas anteriores:**

- i) Expulsar amosando unha tarxeta negra.  
ii) Permitir unha substitución segundo a Regra 2.4 das Regras de Especificación.  
iii) Saque libre dende ocorreu a falta.

- 5.14 Ameazar ou empregar linguaxe ou xestos abusivos ou provocadores a un oponente ou compañeiro de equipo.

**Penalización para as faltas anteriores:**

- i) Expulsar amosando unha tarxeta negra.  
ii) Permitir unha substitución segundo a Regra 2.4 das Regras de Especificación.  
iii) Cando un oponente está involucrado: saque libre dende ocorreu a falta. Cando un compañeiro está involucrado: saque neutral excepto no sinalado nas Excepcións (v) e (vi) da Regra 2.2.

## Categoría 3

- 5.15 Golpear ou tentar golpear a un oponente cas mans, codos, brazos ou xeounllos.
- 5.16 Golpear ou tentar golpear co pé ca mínima forza.
- 5.17 Comportarse dun xeito que resulte perigoso para o oponente.
- 5.18 Escupir a un oponente.
- 5.19 Contribuír a unha refrega.
- 5.20 Ameazar ou empregar linguaxe ou xestos abusivos ou provocadores a un colexiado.

**Penalización para as faltas anteriores:**

- i) Expulsar ao infractor.

ii) Saque libre dende onde ocorreu a falta excepto o descrito nas Excepcións da Regra 2.2.

**5.21** Cometer as faltas 5.15 a 5.18 contra un compañeiro de equipo.

**Penalización para as faltas anteriores:**

i) Expulsar ao infractor.

ii) Saque neutral ó aire no punto onde ocorreu a falta excepto o descrito nas Excepcións (v) e (vi) da Regra 2.2.

**5.22** Cometer as faltas 5.15 a 5.18 antes de que comece ou se reanude o xogo.

**Penalización para as faltas anteriores:**

Considerar ó infractor como expulsado, non podendo participar no xogo.

NOTA: Unha vez o árbitro recibiu a lista de xogadores que inclúe ao infractor, o xogador non pode ser substituído.

## Categoría 4

**5.23** Golpear ou tentar golpear a un oponente ca cabeza.

**5.24** Golpear a un oponente causando unha lesión.

**5.25** Tentar golpear a un oponente con forza.

**5.26** Pisar a un oponente.

**5.27** Provocar unha lesión nun oponente mediante outros métodos diferentes ós anteriores.

**5.28** Asaltar a un oficial contrario.

**5.29** Actuar, de forma escrita, verbal ou xestual, dun xeito racista, sectario, segregacionista contra un oponente.

**Penalización para as faltas anteriores:**

i) Expulsar ao infractor.

ii) Saque libre dende onde ocorreu a falta excepto o descrito nas Excepcións da Regra 2.2.

**5.30** Cometer as faltas 5.23 a 5.27 contra un compañeiro de equipo.

**Penalización para as faltas anteriores:**

i) Expulsar ao infractor.

ii) Saque neutral ó aire no punto onde ocorreu a falta excepto o descrito nas Excepcións (v) e (vi) da Regra 2.2.

**5.31** Cometer as faltas 5.23 a 5.27 antes de que comece ou se reanude o xogo.

**Penalización para as faltas anteriores:**

Considerar ó infractor como expulsado, non podendo participar no xogo.

NOTA: Unha vez o árbitro recibiu a lista de xogadores que inclúe ao infractor, o xogador non pode ser substituído.

## Categoría 5

- 5.32** Interferir físicamente cun colexiado.
- 5.33** Empregar linguaxe ameazante contra un colexiado.
- 5.34** Ter unha conducta ameazante ou abusiva contra un colexiado.

**Penalización para as faltas anteriores:**

- i) Expulsar ao infractor.
- ii) Saque libre dende onde ocorreu a falta excepto o descrito nas Excepcións da Regra 2.2.

## Categoría 6

- 5.35** Golpear ou tentar golpear a un colexiado.

**Penalización para as faltas anteriores:**

- i) Expulsar ao infractor.
- ii) Saque libre dende onde ocorreu a falta excepto o descrito nas Excepcións da Regra 2.2.

## Outras

- 5.36** Para un xogador, tomar represalias cando se concede un saque libre ó seu equipo.

**Penalización para as faltas anteriores:**

- i) Cancelar o saque.
- ii) Saque neutral ó aire no punto onde ocorreu a falta excepto o descrito nas Excepcións (v) e (vi) da Regra 2.2.
- iii) Aplicar calquera outra penalización relevante da Regra 5.

- 5.37** Para un xogador de cada equipo que realizan falta simultaneamente.

**Penalización para as faltas anteriores:**

- i) Saque neutral ó aire no punto onde ocorreu a falta excepto o descrito nas Excepcións (v) e (vi) da Regra 2.2.
- ii) Aplicar calquera outra penalización relevante da Regra 5.

- 5.38** Cando un xuíz de liña comunica unha falta agresiva ó árbitro, este poderá aplicar a penalización axeitada, segundo a Regra 5, e retomar o xogo segundo a Regra 2.

- 5.39** Cando un equipo comete unha falta, o árbitro pode permitir que continue o xogo se considera que é mais vantaxoso para o equipo contrario. Sinalarao levantando o brazo ata 5 segundos tras a falta, ou menos tempo se resulta claro que non se produciu ningunha vantaxe. Se non se produce ningunha vantaxe, o árbitro poderá conceder un saque libre no punto onde ocorreu a falta, agás o especificado nas Excepcións (v) e (vi) da Regra 2.2. Pode tomar as medidas disciplinares pertinentes.

## REGRA 6. DESACORDO

**6.1** Retar á autoridade ou a un oficial.

**Penalización para as faltas anteriores:**

Apercibir ao infractor, expulsar tras a segunda falta apercibida.

**6.2** Non cumprir cas instrucións do árbitro con respecto ao uso de protector bucal.

**Penalización para as faltas anteriores:**

Apercibir ao infractor, expulsar se continúa sen facer caso.

**6.3** Negarse a deixar o terreo de xogo, a instancia do árbitro, para recibir atención tras unha lesión con sangue.

**Penalización para as faltas anteriores:**

Apercibir ao infractor, expulsar se continúa negándose.

**6.4** Mostrar desacordo ca decisión do árbitro de conceder un saque libre ó equipo contrario.

**Penalización para as faltas anteriores:**

Conceder o saque libre 13m máis vantaxosos que a posición orixinal, ata a liña de 13m rival.

Continuar mostrando desacordo pode considerarse o incumprimento da Regra 6.1 e debe penalizarse como tal.

- 6.5**
- a) Negarse a deixar o terreo de xogo unha vez expulsado.
  - b) Volver a entrar no xogo tras ter sido expulsado.

**Procedemento**

Dar un aviso de tres minutos ao capitán do equipo, ou ó oficial a cargo do equipo, ou aos xogadores afectados e, se se segue negando, finalizar o xogo.

**6.6** Que un equipo deixe o terreo de xogo sen o permiso do árbitro ou se negue a continuar xogando.

**Procedemento**

Igual que na na regra 6.4.

Calquera xogador que desexe seguir xogando debe dar o seu nome ao árbitro.



## DEFINICIÓN DE TERMOS

<b>Adiar</b>	Tomarse, de forma deliberada, demasiado tempo para recoller o balón, ou reanudar o xogo, ou calquera outra acción que retrase a reanudación do xogo.
<b>Advertir</b>	Recoller o nome do xogador e amosarlle un cartón amarelo.
<b>Arrebatarse o balón</b>	Tentar desposuír do balón a un oponente que o ten firmemente agarrado, simplemente agarrando o balón e quitándollo.
<b>Botar</b>	Para un xogador que capturou o balón, xogalo contra o chan empregando as mans e volvéndoo coller cas mans.
<b>Cargar</b>	Tendo polo menos un pé contra o chan, un xogador pode face unha carga ombro contra ombro contra un oponente que: a) está en posesión do balón, ou b) que está xogando o balón, salvo o golpeo co pé, ou c) os dous xogadores estanse movendo en dirección ao balón con intención de xogalo.
<b>Cartón amarelo</b>	O cartón amosado a un xogador por unha Infracción Advertible.
<b>Cartón negro</b>	O cartón amosado a un xogador que é expulsado por unha Infracción por Conducta Cínica, segundo o expresado na Regra 5.
<b>Cartón vermello</b>	O cartón amosado a un xogador que é expulsado polas faltas 5.15 a 5.34, segundo o expresado na Regra 5, ou por un segundo cartón amarelo ou por un cartón amarelo seguido dun negro.
<b>Capturar (o balón)</b>	Gañar control sobre o balón cas mans, evitando que este caia ao chan.
<b>Entrar (tackle)</b>	Trátase dunha habilidade mediante a cal un ou varios xogadores poden desposuír ó oponente do balón ou frustrar o seu obxectivo, dentro das Regras de Xogo Limpo. Está orientado ó balón, non ó xogador. O xogador que fai a entrada pode usar o seu corpo para confrontar ao seu oponente, pero o contacto deliberado do tipo puñetazo, bofetada, agarrar do brazo, empurrar, agarrar da camiseta ou carga frontal están totalmente prohibidas. O único contacto físico deliberado que está permitido é a carga ombro contra ombro.
<b>Falta</b>	– Agresiva: Abusar física ou verbalmente dun xogador ou oficial. – Desencontro: Expresar abertamente o desacordo cunha decisión do colexiado. – Técnica: Calquera outra falta que non sexa Agresiva ou de Desencontro.
<b>Lanzar o balón</b>	Cando un xogador, en posesión do balón, xoga o balón se golpealo.
<b>Levantar/picar</b>	Empregar o pé ou pés para alzar o balón do chan cara as mans.
<b>Marca</b>	Capturar o balón claramente dende un saque de porta sen que o balón toque o chan, pasando da liña de 45m máis cercada.
<b>Montículo</b>	Elevación formada pola superficie do terreo de xogo co propósito de elevar o balón do chan.
<b>No aire</b>	O balón considérase no aire cando foi xogado e non está no chan.





<b>Pasar coa man</b>	Cando un xogador ten a posesión do balón, pode xogala con outros empregando: i) o puño ii) a man aberta, en cuxo caso debe existir unha intención clara de golpeo A man que golpea o balón non pode estar en contacto co balón antes de realizar o golpeo. Cando o balón está suxeito con ambas máns, pode golpearse da man que o suxeita empregando a outra. Cando o balón está suxeito só cunha man, pode soltarse e golpear ca mesma man. Neste proceso, soltar o balón da man considerase parte do proceso de pase.
<b>Retención</b>	Manter o balón nas mans durante máis tempo equivalente a dar 4 pasos.
<b>Saque de banda (sideline kick)</b>	Cando o balón traspasa unha das bandas laterais, concederase un saque de banda. O balón deberá golpearse co pé dende as mans, permanecendo o lanzador sempre fóra do campo.
<b>Saque de portería (kick-out)</b>	Cando o balón traspasa a liña de fondo, sendo xogado por un atacante, concederase un saque de portería. O balón deberá golpearse directamente dende o chan, na propia liña de 13m.
<b>Saque de 45m</b>	Cando o balón traspasa a liña de fondo, sendo xogado por un defensor, concederase un saque de 45m. O balón deberá golpearse directamente dende o chan, dende a liña de 45m rival.
<b>Saque libre (free kick)</b>	Cando se comete unha falta, concederase un saque libre ó equipo que sofre a infracción. Deberá golpearse co pé (dende as mans ou dende o chan).
<b>Saque neutral (throw-in)</b>	Lanzar o balón por encima das cabezas de un xogador de cada equipo. No saque inicial de cada parte, poden estar dous xogadores de cada equipo.
<b>Sobrecondución (pasos)</b>	Dar máis de 4 pasos co balón nas mans, se botar ou facer o solo.
<b>Solo (toe-tap)</b>	Soltar o balón das mans cara o pé, golpealo e volver agarralo cas mans.
<b>Xogar o balón</b>	Tocar o balón. O derradeiro xogador en tocar o balón antes de que cruce unha liña delimitadora será considerado como o derradeiro xogador en telo xogado.

## ANEXO - DESVIACIÓNS NORMATIVA

### Desviacións fútbol feminino

O fútbol feminino difire nalgúns aspectos do fútbol masculino.

Normativa feminina	Diferenzas coa masculina
Ante un mal saque de porta (Regras 4.21~4.27), repetirase o saque agás que a infracción sexa por perda de tempo. En caso dun segundo mal saque, realizarase salto neutral.	En todos os casos, salto neutral.
Non existe a marca.	Non se aplicarán as Regras 2.12, 3.5b, 4.17a, 4.17c.

### Desviacións normativa galega

A normativa na AGFG difire nalgúns puntos con respecto á normativa oficial da GAA, co fin de adaptar o deporte á nosa realidade.

Normativa AGFG	Normativa internacional
Aplicarase a Regra 4.5 (non tocar coa man un balón no chan) tanto en fútbol masculino como feminino.	En fútbol feminino permítese coller o balón sen pick-up.
Sancionar con cartón negro segundo o descrito na Regra 5 tanto para fútbol masculino como feminino.	O cartón negro non existe en fútbol feminino.
Non se sancionará con Sin Bin as infraccións merecedoras dun cartón amarelo tanto en fútbol masculino como feminino.	En fútbol feminino, un cartón amarelo implica que a xogadora entra no Sin Bin (exclusión temporal sen substitución) durante 10 minutos.
Aplicarase a Regra 1.7 (carga ombro a ombro) tanto en fútbol masculino como feminino.	En fútbol feminino non se permite a carga ombro a ombro.
Modificación da Regra 2.7 e 4.32 para fútbol masculino e feminino, de forma que: <ul style="list-style-type: none"> <li>- O saque de porta deba realizarse no borde da área pequena</li> <li>- Os xogadores deberán estar fóra da liña de 13m</li> <li>- Mantense a marxe de 13m antes de tocar o balón</li> <li>- O saque pode realizarse dende a man (golpeando co pé)</li> </ul>	O saque debe realizarse dende a liña de 13m, e os xogadores deben estar máis alá da liña de 20m. En fútbol masculino, o saque debe ser dende o chan sempre, mentres que no feminino si que se permite sacar dende a man (golpeando co pé).

## Adaptacións do terreo de xogo

### Campo 11x11

A área grande ten unha dimensión de 19.5m x 13m (só un pouco máis ancho da área pequena de fútbol, e algo máis curta).

### Campo 7x7 (fútbol-7)

As liñas adaptaranse da seguinte forma:

- 13m: Na liña azul de fóra de xogo do F7 (aprox. 12m)
- 20m: A unha distancia de 5m da anterior (aprox. 17m)
- 45m: No medio campo
- Penalti: No punto de penalti (8,5m).

Só se pitará penalti cando a falta ocorra na área pequena (coincide coa área pequena do F7).

## REFERENCIAS

O contido deste documento é unha tradución dun extracto da Official Guide Part 2, da Gaelic Athletic Association, recopilando só aquelas regras que son de aplicación para o fútbol gaélico (este documento contén, ademáis, as regras de xogo do hurling).